



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** ofrece apoio a aquelas PEME que desexen presentar solicitudes á convocatoria **Instrumento PEME do programa Horizon 2020**, unha oportunidade de financiamento que ofrece a Comisión Europea para impulsar a innovación nas PEME europeas.

A acción de apoio que ofrece GAIN persegue aumentar a participación das PEME galegas neste instrumento de financiamento europeo, a través da posta a disposición dos interesados dunha serie de servizos complementarios como formación, coaching, revisión de solicitudes, axuda na redacción e negociación dos proxectos.

Para optar a esta axuda é preciso cubrir un formulario, dispoñible na seguinte [páxina web](#), e envialo por correo electrónico ao enderezo informa.gain@xunta.es. GAIN seleccionará entre, as solicitudes presentadas, as ideas con maior potencial de éxito no programa Instrumento PEME, que poderán optar a estes servizos complementarios.

Pode obter máis información sobre o Instrumento PEME na seguinte [páxina web](#) e sobre o servizo de apoio de GAIN á presentación de solicitudes [neste enlace](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!